

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2025)

1 OBXECTO:

O obxecto da convocatoria é de 3 postos de peóns/peoas forestais a través da contratación laboral temporal, para a participación no Servizo de Limpeza de Montes e outras Tarefas de Valorización Forestal mediante a subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspondente á ORDE do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025), e para o que se presentará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego para 3 peóns/peoas forestais.

A selección rexeráse polas prescricións contidas nesta convocatoria e, naquilo que non se prevea, polo TREBEP e pola LEG, agás o relativo aos dereitos de exame que non se esixen na presente convocatoria.

2 MODALIDADE, DURACIÓN DOS CONTRATOS E XORNADA:

O artigo 15 da orde subvencionadora establece que a entidade beneficiaria utilizará necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2025.

O contrato será pola xornada semanal completa e por un período de nove meses, segundo o establecido no artigo 4 da orde subvencionadora.

Así, o modelo do contrato será o contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a xornada completa (Código 405).

Estes contratos non se rexerán por ningún convenio sectorial. Unicamente poderá acollerse ao clausulado da negociación colectiva municipal de conformidade coa normativa vixente en tanto a contratante é a Administración Pública e naquilo no que non vaia contra a orde subvencionadora.

3 REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS:

1. Será requisito indispensable acreditar ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de selección como no da formalización do contrato de traballo, circunstancia que deberá ser acreditada polas persoas aspirantes mediante a presentación da vida laboral actualizada.

2. Segundo o recollido no artigo 14.6 da orde subvencionadora, terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional

e) Persoas paradas de longa duración

f) Persoas con discapacidade

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos

i) Persoas trans

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

3. Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 do 31/10/2015) e demais normativa directamente aplicable:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla o artigo 56.1.d do TREBEP

4. Coñecemento do galego: CELGA 2 ou equivalente

5. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas

Antes de asinar o contrato de traballo, a persoa interesada terá que facer constar que non ocupa ningún posto de traballo nin realiza ningunha actividade no sector público ou privado.

A administración poñerá a disposición das persoas aspirantes un modelo de declaración (Anexo II), que deberán cubrir e entregar no momento no que se presente o resto da documentación no Rexistro Xeral do Concello.

Compre sinalar que o artigo 14.3 da orde subvencionadora, expresamente, sinala que:

"As persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprod rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde(...)"

4 SISTEMA DE SELECCIÓN, PROCESO:

O punto 1 do artigo 14 da orde de convocatoria do programa, di que as persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos, e polas que se outorgue a subvención, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Para tal fin, o punto 4 do mesmo artigo, establece que as entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados; deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación,

que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais.

Isto sen prexuízo de que este concello, co gallo de cumprir cos principios que deben rexer toda selección, lle dea a oportuna publicidade para garantir a concorrência para o que publicará a orde de convocatoria da subvención pola que se rexe no seu taboleiro de anuncios e no seu sitio web (concelloderianxo.gal).

Unha vez que se reciba a listaxe das persoas candidatas, o Concello publicaráa no Taboleiro de anuncios municipal e no seu sitio web www.concelloderianxo.gal para que esas persoas presenten, no prazo de 5 días hábiles, a documentación necesaria para o proceso de selección:

- documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos mínimos
- documentación xustificativa dos méritos alegados
- documentación xustificativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso
- Anexo II – declaración responsable (este modelo estará á disposición no Concello)

Esta documentación deberán presentala a través do Rexistro Xeral do Concello ou na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Unha vez comprobada toda a información relativa aos requisitos mínimos, o alcalde ditará a resolución da Alcaldía de admisión ao proceso daquelas persoas aspirantes que cumpran os requisitos mínimos, quedando excluídas do proceso as restantes.

Na mesma resolución nomearase o tribunal cualificador e indicarse o lugar e a data de realización das probas.

5 SISTEMA DE SELECCIÓN:

5.1 Oposición (Puntuación máxima: 10 puntos)

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio de cada proba, para o cal as persoas candidatas deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

O apartado de oposición constará de dous exercicios:

5.1.1 Exame tipo test: (puntuación máxima 4 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio e, para superalo, será necesario obter cando menos a

metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa que se xunta como anexo I para cada convocatoria durante un período de 30 minutos. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará unha cuarta parte da puntuación de cada pregunta acertada.

5.1.2 Proba práctica (puntuación máxima: 6 puntos)

Só poderán realizar esta proba as persoas aspirantes que superen a proba anterior.

A proba práctica consistirá na realización dun roce no espazo que determine o tribunal. A valoración realizarase en función dos seguintes criterios:

1. recoñecemento de ferramentas:
 - a) definición correcta de todas as ferramentas: 0,5 punto
 - b) definición correcta da metade ou máis ferramentas: 0,25 puntos
 - c) definición correcta de menos da metade ferramentas: 0 puntos
2. recoñecemento dos EPIs necesarios para o uso da rozadoira:
 - a) selección correcta de todos os EPIs necesarios: 0,5 punto
 - b) selección da metade ou máis dos EPIs necesarios: 0,25 puntos
 - c) selección da menos da metade dos EPIs necesarios: 0 puntos
3. colocación correcta do arnés sen indicacións: 0,5 punto
4. colocación correcta do fío cortador: 0,5 punto
5. acender a rozadoira:
 - a) acendido correcto sen indicacións: 0,5 puntos
 - b) acendido con indicacións: 0,25 puntos
 - c) acendido asistido por parte do tribunal: 0 puntos
6. destreza e forma de corte: 3,50 puntos

5.1.3 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

O tribunal comprobará a identidade das persoas candidatas antes do inicio da proba, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

Este exercicio realizarano as persoas aspirantes que superen o exame tipo test e que non estean exentas da realización deste, é dicir, que non contén co certificado expedido polo órgano competente.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, mediante fotocopias, que posúen o Celga 2 ou o equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Este exercicio consistirá na realización dunha proba escrita, de carácter eliminatorio, na que a persoa aspirante amose a súa competencia na lingua galega.

Co obxecto de axilizar o proceso, esta proba realizárase no mesmo día que a proba escrita (tipo test) indicada no primeiro punto da fase de oposición.

Corresponderalle ao tribunal determinar o tempo necesario para que a realización da dita proba e o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apta/o.

5.2 Concurso (Puntuación máxima: 4 puntos)

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da recepción da listaxe de aspirantes preseleccionados polo Servizo Público de Emprego.

Terase en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas.*
- *O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia do documento acreditativo.*

5.2.1 Artigo 14.6 da orde de convocatoria. Puntuación máxima: 1 punto

Para os efectos de valorar os aspectos recollidos no último parágrafo do art. 14.6 da orde de convocatoria da subvención, as persoas candidatas deberán cubrir e asinar unha declaración responsable que o Tribunal lles entregará no mesmo momento da realización da proba escrita e que se valorará segundo o seguinte:

a) Nivel de protección por desemprego:

- perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos
- non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos

b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose como tal ter a cargo da persoa traballadora desempregada ao/á cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis

anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,10 puntos por persoa a cargo. Puntuación máxima de 0,50 puntos.

5.2.2 Méritos específicos do posto. Puntuación máxima: 3 puntos. Indícanse nas bases específicas.

6 SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS:

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261 do 31/10/2015 efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 40/2015 do 1 de outubro como na demais normativa de aplicación.

Unha vez que remate o proceso de selección, o Tribunal relacionará as persoas aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá a listaxe ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da listaxe ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade..., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con subrepresentación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004, para a igualdade de

mulleres e homes.

- d) En último lugar, resolverase mediante sorteo público

7 CHAMAMENTOS ÁS PERSOAS ASPIRANTES:

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

8 INTERPRETACIÓN DAS BASES:

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

9 IMPUGNACIÓN:

A convocatoria, bases e actos administrativos derivados dela serán recorribles nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

Rianxo, maio de 2025

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

ANEXO I

Bases específicas da convocatoria para 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

REQUISITOS MÍNIMOS:

- Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual, e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Ferramentas e maquinarias máis utilizadas nas plantacións forestais
2. Uso da motoserra e a rozadoira no sector forestal
3. A conservación de camiños e cunetas forestais. Materiais e ferramentas
4. A defensa contra os incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais
5. O PLADIGA
6. As comunidades de montes en Rianxo (número, localización...)
7. A Ordenanza municipal xeral de limpeza e medio ambiente
8. A prevención de riscos laborais no sector forestal
9. Igualdade de xénero.

VALORACIÓN DE MÉRITOS ESPECÍFICOS (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS)

Carné de conducir B. Puntuación: 1 puntos

Curso de prevención de riscos laborais (de 30 horas ou mais): 1 punto

Curso de igualdade (10 horas ou mais): 0,50 puntos

Coñecemento do galego: (só se valorará o de maior puntuación)

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
2. Celga 4, equivalente ou superior: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007), para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento), que as certificacións de aptitude dos Celga.